

NOVO ESPAZO INTERUNIVERSITARIO



Prezada comunidade:

A cada esforzo, unha recompensa. A UDC foi na última chamada á adscrición a ECOBAS a universidade que máis persoal aportou ao equipo investigador (46% do total de novas incorporacións); e na UDC foi onde recibimos, o pasado mes de marzo, o **novο espazo** de traballo co que conta a partir de agora o noso centro. A infraestrutura, asignada e distribuída para os tres centros interuniversitarios do SUG, está ubicada na planta -4 do **Edificio de Servizos Centrais da Investigación (ESCI) do Campus de Elviña**, e a súa dotación foi acometida no marco do Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización (PIRMEH) da UDC.



Saudamos con moita ilusión este importante fito que simboliza os novos horizontes nos que estamos a traballar para tecer novos proxectos e intensificar e mellorar as colaboracións en marcha.

>>> **ABERTA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECOBAS 2025 PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i**

2025

XA está aberta a Convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS:

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS
- Dous prazos:
 - Do 14 de abril ao 31 de maio de 2025 ás 23.59 h.
 - Do 1 de xuño ao 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.
- [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) · [ANEXO I: formulario solicitude](#) · [ANEXO II: declaración de axudas](#)

Agardamos as vosas propostas!!!

AXENDA



>>> IW2025 RESEARCH DAY

XOVES
24/04
10:30H

No marco da **International Week 2025 da FCETOU da UVIGO**, o día 24 de Abril a terá lugar o "Research Day", unha xornada moi especial, aberta a persoal investigador de ECOBAS e alumnado do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

Abrirá a sesión o profesor convidado **Nick Zubanov**, da Universidad de Konstanz, para abordar aspectos clave na xestión de persoas para construír unha cooperación significativa entre as empresas e a investigación académica. Na segunda metade da mañá asistiremos a unha sesión metodolóxica sobre o uso da intelixencia artificial na investigación científica a cargo de **Andrea Ruf**, de Hochschule Bremerhaven.

- ACTIVIDADE ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams.
- **Imprescindible rexistro previo AQUÍ.**



>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: ADRIÁN HERNÁNDEZ MARTÍN

XOVES
24/04
13:00H

"Three Essays on Fiscal Policy, Poverty and Inequality"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: Vigo. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. (Aula 156). Acceso libre ata completar aforo.
- ONLINE: Retransmisión en directo vía ZOOM.
- ID de reunión: 871 4864 4692
- Clave de acceso: 878343





>>> CLAVES PARA O POSICIONAMENTO ESTRATÉXICO DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS EN EUROPA Fondos Europeos

VENRES
25/04
13:00H

"Brokerage Event: Atopa socios e consorcios para as túas propostas en Horizonte Europa e Partenariados", é unha convocatoria **de carácter exclusivo para o persoal investigador de ECOBAS**. Nun formato de píldora formativa de 30 minutos online, nesta sesión veremos:

- como extender a túa **rede de contactos clave** para aumentar as posibilidades de participación en propostas europeas
- como participar con **éxito nos Brokerage Event**, tanto presencial como o uso da plataforma virtual b2match.



Imprescindible o rexistro previo, aquí 

De interese para todo o persoal interesado en participar en proxectos europeos, esta actividade conta coa cofinanciación dos fondos europeos marco do programa Galicia FEDER 2021-2027.

AXENDA



>>> RESEARCH SEMINAR: MANUEL CARLOS NOGUEIRA, UNIVERSIDADE DE AVEIRO

XOVES
08/05
12:00H

"Financial Literacy, Financial Knowledge, and Financial Behaviors in OECD Countries"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Vigo. Facultade de CC. EE.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [registro previo aquí.](#)



>>> RESEARCH SEMINAR: GRAŻYNA KĘDZIA E MARTA RAŻNIEWSKA, UNIVERSITY OF LODZ

XOVES
08/05
13:00H

"Sustainable food packaging in supply chain management". Current and future research.

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. EE.
- ONLINE: **Imprescindible** [REGISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



VENRES
09/05
9:00H

CICLO DE FORMACIÓN [EXCLUSIVO MEMBROS ECOBAS]

ECOBAS European Funding Insights & Networks

2ª XORNADA PRESENCIAL | SANTIAGO DE COMPOSTELA



>>> RESEARCH SEMINAR: ANDERS STENBERG

VENRES
16/05
13:00H

"Higher Vocational Education: Learning from the Swedish Experience"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [REGISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



>>> XXXII CONGRESO EBEN ESPAÑA

21 a 23
MAIO

A XXXII edición deste encontro nacional, que terá lugar na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC, propón un espazo de reflexión, debate e traballo baixo o lema «Dinamizando o Cambio: Dixitalización para un Futuro Responsable, Ético e centrado nas Persoas».

O programa preparado servirá para analizar como a converxencia da ética, a dixitalización e a sostibilidade pode actuar como catalizador dun cambio transformador nas nosas empresas e na sociedade en xeral, sempre co benestar humano como prioridade.

ACTUALIDADE



>>> CISPAC, CITMAGA E ECOBAS ASINAN E PROMOVEN A DECLARACIÓN DE COMPOSTELA 'DA CIENCIA CON CONCIENCIA'



Os tres centros galegos de investigación interuniversitarios CISPAC, CITMAGA e ECOBAS veñen de asinar a Declaración de Compostela 'Da ciencia con conciencia' na que asumen o compromiso de construír "un ecosistema científico colaborativo baseado na excelencia e utilidade social, cun enfoque aberto" á cooperación con outros centros públicos de investigación, tanto universitarios como non universitarios.

Esta iniciativa de compromiso "coa Ciencia Aberta, coa construción dunha nova ciencia cidadá e cun modelo de formación académica en proceso de transformación", plantexa un documento vivo, aberto a achegas de mellora, e co obxectivo de que máis centros de investigación galegos se adhiran.

A Declaración xurdiu na I Xornada dos Centros de Investigación Interuniversitarios de Galicia que desenvolveron en febreiro CISPAC, CITMAGA e ECOBAS e no que se debateu sobre os grandes retos –"dende a crise ecolóxica global ata o inmediato futuro do cambio climático, pasando polo desafío que supón o manexo masivo de datos e o uso da IA"– aos que hai que dar resposta dende as ciencias cun enfoque transdisciplinar "no que conflúan distintas miradas e no que tomemos conciencia dos impactos tecnolóxicos, ambientais e sociais".

[DECLARACIÓN DE COMPOSTELA \(pdf para descarga\)](#)

[Formulario de solicitude de adhesión](#)

>>> "AS ESCALAS DA DESIGUALDADE: DO GLOBAL AO LOCAL", PROXECTO STEMBACH TITORIZADO POR INVESTIGADORES DE ECOBAS, OBTÉN UNHA NOTA DE 10

Nora Candi García e Daniela Paz Vázquez, alumnas de bacharelato do IES As Mariñas de Betanzos, son as autoras deste traballo, proxecto STEMBACH que obtivo a calificación de 10 presentando unha análise da desigualdade de tipo económica en diferentes ámbitos territoriais –CCAA, provincias e a comarca de Betanzos– nun marco temporal dende 2015 a 2021.

Segundo elas nos relatan, traballar con **Estefanía Mourelle** e **Manuel Alberto Gómez** – investigadores de ECOBAS e profesores da UDC directores do seu traballo– foi un proceso moi enriquecedor, estando "ao noso alcance para todo neste proceso de investigación", facendo que a experiencia, "un tanto abrumadora para estudantes de segundo de bacharelato, fose moito menos complicada e agradable".

Moitos parabéns por este brillante inicio no camiño da investigación en ciencias sociais en moita sorte para o voso futuro!!

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- **López-Penabad, M.C.; Iglesias-Casal, A.; Maside-Sanfiz, J.M.;** Ben Larbi, O. (2025)
[Clean energy and fintech: A scientometric study on spillovers and hedging in investment portfolios](#)
Energy Strategy Reviews, 59
- **Iglesias-Casal, A. López-Andión, C. López-Penabad, M.C. Maside-Sanfiz, J.M.** (2025)
[Dynamic correlations and portfolio optimization in socially responsible investments: evidence from Indonesia and South Korea](#)
Humanities and Social Sciences Communications, 12, 1
- **Bastida, M.; Vaquero García, A.; Vázquez Taín, M.Á.;** Del Río Araújo, M. (2025)
[Women leading the charge in the social and solidarity economy: A snapshot of gender perceptions of entrepreneurship.](#)
Annals of Public and Cooperative Economics
- Reinoso-Barbero, L.; **Muñoz-Dueñas, P.;** Cano, I.; Araujo, S.; Gómez-Paredes, L.; Muñoz-Gutiérrez, J.; Perez-Herreras, C.; Gómez-Gallego, F. (2025)
[Effectiveness of a workplace health promotion program in reducing obesity: A retrospective study](#)
Journal of Occupational and Environmental Medicine
- Pais, L.; del Río-Casanova, L.; **García, Y.;** Ferrás, C. (2025)
[Mental Health of the Roma Population in Spain: A Scoping Review](#)
Journal of Racial and Ethnic Health Disparities
- **Casal, B.; Rivera, B.;** Costa-Storti, C. (2025)
[Economic recession, illicit drug use and the young population: a systematic literature review and meta-analysis](#)
Perspectives in Public Health; 145; 1
- **Sobrino-García, I.** (2025)
[European waste management regulations in Spanish local administrations: Compliance assessment and integration](#) *Frontiers*
Sustainable Development; 33; 2

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Lozano, R.; **Barreiro-Gen, M.**; Ortiz-Martínez, G.; Mendoza, A.; Segalàs, J.; Caeiro, S.; Simão, J.; Favi, C.; Gładysz, B.; **Alló, M.**; Gago-Cortés, C.; Tortato, U.; Mónus, F.; Pietikäinen, J.; Södervik, I.; Ratvio, R.; Bostanci, S.; Tóth, M.D.; Benayas, J.; Munguía, M.T.J.; Cervantes, D.X.F.; Díaz, R.A.L.; Corona, N.R.; Desha, C.; Hales, R.; Boddy, J.; Djekic, I.; Caldera, S.; Sáenz, O.; Azizi, L.; Sassen, R. (2025)

[Students' Perspectives on Sustainability Competences and Pedagogical Approaches: Groupings and Interrelations Results From 17 International Case Studies](#)

Sustainable Development

>>> CAPÍTULOS DE LIBROS

- **María L. Loureiro, María Alló** (2025)

[Economía del medio ambiente con datos masivos](#)

Libro: Investigación económica con datos masivos

Editorial Centro de Estudios Ramón Areces; Fundación Ramón Areces

- **Berta Rivera Castiñeira**, Manuel Jesús Dosío López (2025)

[Felicidad y empresa familiar](#)

Libro: Fundamentos de la empresa familiar

Aranzadi La Ley

- Tania Elena González Alvarado; Francia Contreras García; **Pablo Cabanelas** (2025)

[Building resilient companies through internal marketing](#)

Libro: Navigating Collective Intelligence for Sustainable Futures.

IGI Global

- **Hugo Pérez Moure**; Jesús F. Lampón; **Pablo Cabanelas** (2025)

[Collective intelligence approach for new mobility](#)

Libro: Navigating Collective Intelligence for Sustainable Futures

IGI Global

>>> LIBROS

- Tania Elena González Alvarado; **Pablo Cabanelas Lorenzo** (2025)

[Navigating Collective Intelligence for Sustainable Futures](#)

IGI Global

DIVULGACIÓN



»»» ECOBAS EN BACHARELATO, EN SECUNDARIA, E AGORA, TAMÉN EN PRIMARIA!!!

O esforzo divulgador do noso persoal investigador está a contribuir a espallar coñecemento en moitas esferas alleas ao ámbito académico.

Para achegar á rapazada o labor que desenvolvemos na investigación en Ciencias Sociais en Galicia, estamos a intensificar a nosa achega coas visitas e as charlas nos centros educativos de secundaria e bacharelato. E agora tamén –por que non?– nos atrevemos a despertar o espírito da investigación en ciencias sociais e a explicar o seu valor aos máis pequenos (que por certo, a piques estivemos de non poder marchar, con tantas preguntas interesantes!!).



Isabel Neira e Yago Atrio estiveron no Colexio La Salle de Santiago co alumnado de 1º e 2º de Bach da materia de Economía, coa charla “A soberanía do dato na nova economía”.

Paulino Montes Solla acudiu ao IES Ribeira do Louro, en Porriño, onde estivo con alumnado de Ciclos Formativos de Grado Superior.



Pilar Muñoz explicou aos cativos de 8 e 9 anos do CEP Doutor Fleming de Vigo como facemos investigación en Ciencias Sociais, traballando “coma un equipo de fútbol” e colaborando moito coas outras ramas da ciencia.



Estefanía Mourelle visitou ao alumnado de 4º da E.S.O. no IES Vilalonga, a 2º de BACH no IES do Grove e a 1º de BACH no caso do IES Laxeiro coa “A estatística está no teu día a día”.



»»» EFICIENCIA CONTRA O EDADISMO NO MERCADO LABORAL



O investigador permanente de ECOBAS e profesor da UVIGO **Alberto Vaquero** explica neste artigo publicado no suplemento Mercados de La Voz de Galicia claves sobre as que traballar, novos puntos de mira, que permitan xestionar a riqueza que ofrece a poboación activa "senior". Cara a onde deben camiñar as políticas de emprego para o grupo de idade de +55?

Artigo completo, [dispoñible para descarga, aquí.](#)

CONVOCATORIAS



>>> [PROGRAMA ATRAE. CONVOCATORIA 2025.](#)



O vindeiro xoves 24 de abril comeza o prazo para a presentación de solicitudes á Convocatoria do programa ATRAE 2025, de axudas para incentivar a **incorporación de talento investigador consolidado**, de recoñecido prestixio internacional e que desenvolvese recentemente un período relevante da súa actividade profesional no estranxeiro, a universidades e centros de investigación españois.

Este programa oferta un financiamento de 1 millón de euros para desenvolver un proxecto de investigación novidoso durante 4 anos. O financiamento estará destinado, en parte, ao financiamento da contratación do investigador/a coa categoría de investigador/a distinguido/a (cun salario de entre 80.000 e 110.000 euros brutos anuais, máis custes de Seguridade Social).

As axudas se concederán en réxime de concorrencia competitiva e o prazo desta chamada permanecerá aberto **ata o día 5 de xuño de 2025 ás 14.00 horas**.

>>> [CONVOCATORIA KIC WATER PARA TRANSFORMAR OS SECTORES DA AUGA, MARIÑO E MARÍTIMO EN EUROPA](#)



O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), ten aberta a convocatoria para a creación do novo partenariado **KIC Water: Transforming Europe's Water, Marine and Maritime Sectors**, unha iniciativa destinada a **impulsar a transformación sostible** destes sectores en Europa.

- Obxectivo: lograr a sustentabilidade financeira máis aló do financiamento do EIT, fomentando a cooperación entre educación, investigación e industria.
- Prazo: **ata o 17 de xuño de 2025**
- [Información completa aquí.](#)

>>> [LIFE CALLS FOR PROPOSALS 2025 | EUROPEAN CLIMATE, INFRASTRUCTURE AND ENVIRONMENT EXECUTIVE AGENCY](#)



Esta convocatoria previsiblemente será publicada o vindeiro 24 de abril e as sesións informativas están programadas para a súa emisión entre o 13 e o 15 de maio.

[Preme aquí para máis información.](#)

POSDOCS



>>> BECAS FUNDAME 2025

A Fundación Alfonso Martín Escudero vén de abrir a súa convocatoria de becas para a realización de traballos de investigación en universidades e centros no estranxeiro, dirixida a persoas candidatas que estean en posesión do título de doutor/a ou de especialidade MIR, BIR, FIR, PIR, QIR o RFIR.

- [Descarga as bases da convocatoria aquí.](#)
- Prazo para a presentación de candidaturas: ata o 30 de abril de 2025.
- Máis información en www.fundame.org

>>> AXA RESEARCH FUND 2025 CALL FOR POST-DOCTORAL FELLOWSHIPS

"Rethinking Social Contracts for the 21st Century - Demographic Change, Social Protection and Solidarity" é o tema deste ano na convocatoria de AXA Research Fund, na cal:



AXA
Research Fund

- Serán valoradas perspectivas interdisciplinares dende a socioloxía, a ciencia política, xeopolítica, economía, dereito, estudos medioambientais e disciplinas relacionadas.
- Serán especialmente consideradas as investigacións orientadas a solucións que propoñan resultados e recomendacións tanxibles.

- [Descarga as bases da convocatoria aquí.](#)
- Máis información: axaresearchfund@axa.com

>>> GUÍAS SOBRE TRATAMIENTO DE DATOS EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Grupo de Traballo de Delegadas e Delegados de Protección de datos das universidades españolas dentro da [Sectorial de Secretarías Xerais da CRUE](#) que coordina a USC vén de poñer a disposición as seguintes guías sobre tratamento de datos en Proxectos de investigación e elaboración de teses de doutoramento e TFG e TFM:

- Guía para persoas investigadora e xestoras da investigación: **Protección de datos nos proxectos de investigación**
- Guía para usuarios: **"Conceptos básicos para o tratamento de datos persoais no proceso de elaboración dunha tese de doutoramento, traballo de fin de titulación ou calquera outro traballo académico que realice o alumnado"**



crue
Universidades
Españolas

MÁIS COMUNIDADE



»» [PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA 2025](#)

A Real Academia Galega de Ciencias convoca este certame para recoñecer casos de éxito que se deben dar a coñecer á cidadanía e que servan como referencia inspiradora para persoal investigador e empresas.

- **2 premios:**
 - **Premio “Franciso Guitián Ojea”** a un traballo de investigación aplicada
 - **Premio “Fernando Calvet Prats”** a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía dun grupo de investigación a unha empresa.
- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **30 de abril de 2025**
- [Descarga aquí as bases](#) tamén dispoñibles en ragc.gal e en gain.xunta.gal



»» [PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO CELIA BRAÑAS](#)

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), coa colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación, convoca a décima edición do Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas. Requisitos:

- Poderán concorrer pezas xornalísticas de carácter informativo, escritas ou audiovisuais, publicadas ou emitidas entre o 1 de maio de 2024 e o 14 de abril de 2025 en calquera medio galego.
- Tema: calquera aspecto relacionado coa ciencia que se fai en Galicia.
- Xéneros: noticia, crónica ou reportaxe.
- Dotación: Premio de 3.500 € netos e Accésit de 1.500 €.
- Prazo para a presentación de candidaturas: ata o **15 de maio de 2025 ás 15.00 horas**



ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

